

GUÍA DE MEDIACIÓN PARENTAL

PARA UN USO SEGURO E RESPONSABLE
DE INTERNET POR PARTE DOS MENORES



1 | ÍNDICE

2 | QUE É A MEDIACIÓN PARENTAL?

3 | QUE RISCOS EN REDE NOS PREOCUPAN?

4 | CAL É A BASE DE TODA PREVENCIÓN?

5 | COMO ADAPTÁRMONOS A CADA IDADE?

6 | A NIVEL TÉCNICO, QUE PODEMOS FACER?

7 | E SE HAI UN PROBLEMA?

8 | ONDE ME PODO INFORMAR?

**Licenza de contidos**

A presente publicación pertence ó **Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE)** e está baixo licenza **Recoñemento-Non Comercial-Compartir Igual 4.0 Internacional de Creative Commons**. Por esta razón está permitido copiar, distribuír e comunicar publicamente esta obra baixo as condicións seguintes:

Recoñecemento. O contido desta publicación pódese reproducir total ou parcialmente por terceiros, citando a súa procedencia e facendo referencia expresa a INCIBE e a iniciativa Internet Segura for Kids (IS4K) e os seus sitios web:
<https://www.incibe.es> e <https://www.is4k.es>.

O dito recoñecemento non poderá en ningún caso dar a entender que INCIBE presta apoio a dito terceiro ou apoia o uso que fai da súa obra.

Uso Non Comercial. O material orixinal e os traballos derivados poden ser distribuídos, copiados e exhibidos mentres o seu uso non teña fins comerciais.

Compartir Igual. Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuíla baixo esta mesma licenza.

Ó reutilizar ou distribuír a obra, ten que deixar ben claro os termos da licenza da mesma. Algunha destas condicións pode non aplicarse se se obtén o permiso de INCIBE como titular dos dereitos de autor.

Texto completo da licenza:
https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.es_ES

A Mediación Parental

Consiste nun conxunto de estratexias que empregamos pais e nais para protexermos os menores en Internet.

Trátase de:

- Coñecer e gozar da Rede.
- Previr riscos.
- Detectar e afrontar problemas.

Non esquezas...

O sentido común e a experiencia vital

Como persoa adulta, sábeste relacionar cos demás afrontar dificultades... e os problemas en liña non deixan de ser conflitos con outras persoas.

Impícate na contorna en internet dos teus fillos/as, igual que fas no ámbito escolar, intereseándote polas súas inquedanzas e necesidades.

Gaña a súa confianza día a día, para que saibam que poden contar contigo se teñen un problema nas redes.

2. QUE É A MEDIACIÓN PARENTAL?

Estratexias Activas

Supervisión:

Coñecer o seu día a día en Internet.
Pregúntalles polas apps que lles gustan e os seus contactos en liña.



Acompañamento:

Compartir actividades en rede xuntos. Pasa tempo de calidade cos teus fillos/as en Internet.

Orientación:

Coidar unha relación de confianza. Potencia as súas habilidades sociais e pensamento crítico.



Estratexias Restritivas

Normas e límites:

Coherentes, consistentes e pactadas. Establece canto **tempo** e **en que lugares** poden utilizar Internet.



Controis parentais:

Apoios técnicos complementarios. **Limita contidos e fai seguimento** do tempo e tipo de uso da Rede.

Opcións de benestar e seguridade:

En páxinas e apps de uso común. **Configura as opcións de privacidade** nas redes sociais.



Como o usan



Uso excesivo:

O problema non é utilizar moito a tecnoloxía, senón que esta afecte negativamente o día a día do menor (estudo, descanso, relacións sociais).

Perda de privacidade:

Se comparten excesiva información privada ou sensible, alguéñ a pode utilizar contra eles/as ou contra outras persoas.

Falamos de...

Sharing, cando a familia expón a información privada dun menor.

Suplantación de identidade, se alguéñ se fai pasar por un menor en Internet.

Sexting, cando un menor comparte contidos de carácter sexual.



Que reciben (ou lles envían)

Contido inapropiado:

Pode afectar o desenvolvemento dos menores por ser demasiado complexo para o seu nivel de comprensión e madurez, por promover valores negativos ou condutas de risco.

Bulos, noticias falsas e fraudes:

Mensaxes alarmistas, morbosas, phishing e enxeñería social, **co fin de obter un beneficio** (publicidade, datos persoais, compras fraudulentas ou influír na opinión pública).

Virus e malware:

Mostrar anuncios, roubar datos, **bloquear** contas e dispositivos.



Non esquezas...

Calquera pode ser a vítima, ou a persoa responsable

Tamén poderían ser os nosos fillos/as quen envíen contido inapropiado, espíen a outras persoas, compartan mensaxes humillantes.

A prevención ten que incluír esta posibilidade.



Con quen se relacionan

Contacto con persoas descoñecidas:

Estas poden non ser quen din ser, e tratar de manipular o menor con fins económicos, sexuais (grooming), de captación para grupos extremistas ou outras comunidades perigosas para a saúde.



Ciberacoso:

Dano intencional e repetido a través das tecnoloxías. Pódese dar en calquera momento e lugar, difundirse con rapidez e permanecer no tempo.



Cibercontrol:

Se a parella exerce un control ou limitación a través de medios dixitais (onde está, que fotos comparte ou con quen fala).



A implicación das familias para...

Coidar a comunicación familiar

Con naturalidade, proximidade e confianza. Estando sempre dispoñibles para escutar, sen culpabilizar nin reaccionar esaxeradamente.

Coñecer a súa contorna na Rede

As súas páxinas favoritas, os xogos, vídeos e apps de moda. As súas afeccións e amizades en redes sociais, practican o respecto e a tolerancia?



Ser un modelo a seguir

Utilizar Internet para fins concretos, sabendo parar e aparcar o móvil. Explicar como xestionamos as mensaxes e a información que atopamos, como decidimos o que compartimos.

4. CAL É A BASE DE TODA PREVENCIÓN?

Non esquezas...

O pensamento crítico

é fundamental para preguntarse pola fiabilidade e a veracidade da información que reciben, sexan textos, imaxes, vídeos...

- Aprender a contrastar** a información, analízala e buscar referencias.
- Entender as motivacións** que hai tras cada contido e mensaxe.



O desenvolvemento saudable do menor

Cantas máis habilidades sociais teñan más doado lles resultará mellorar as súas relacións cos demás, será menos probable que sufran problemas en rede, ou que sexan responsables de danar a outras persoas en Internet.

| Ter máis amizades reforza a súa contorna social de seguridade.

| Xestionar ben os conflitos evita que os pequenos incidentes se agraven.

Para conseguilo, traballemos con eles/as:

| Autoestima e autocoñecemento: quererse a un mesmo/a.

| Asertividade e empatía: respectar e facerse respectar.

| Xestión das emocións: evitar respuestas en quente.

| Autonomía e responsabilidade: buscar solucións.



5. COMO NOS ADAPTAMOS A CADA IDADE?

Non esquezas...

A clave non está na idade, senón no grao de autonomía, responsabilidade e madurez do menor.



0 - 2 anos
de idade



Evita ou limita o contacto coas pantallas.

3 - 5 anos
de idade

- Tempos curtos e esporádicos.
Establece normas dende o principio.
- Selecciona con coidado os contidos.

- Acompáñao/a durante a actividade con explicacións acordes coa súa comprensión.
- Configura os controis parentais nos dispositivos que utilice.



6 - 9 anos
de idade

- Limita os tempos de conexión.
- Apréndelle a identificar contidos positivos e de calidad, adecuados para a súa idade.

- Acompaña ou supervisa a súa actividade e os seus contactos en rede.
- Amósalle como buscar información, en Internet non todo é o que parece.



10 - 13 anos
de idade

- Adapta os tempos de conexión á súa idade e madurez.
- Supervisa os contidos, os seus contactos en liña e a súa actividade nas redes sociais.

- Modera o acompañamiento adaptándose ó seu desenvolvimento.
- Apréndelle a contrastar información e acordade xuntos un pacto para o uso de Internet.

+ 14 anos
de idade

- Adapta o pacto de uso e os tempos de conexión ás súas necesidades e madurez.
- Oriéntao/a cara a contidos positivos para a súa formación e o seu entretenimento.

- Dialoga decote sobre a súa actividade en Internet.
- Fomenta a súa capacidade de crítica e mantede un clima de comunicación e confianza.

5
/8

Configura os seus dispositivos

Contrasinais e desbloqueo:

Aprendede xuntos a **crear contrasinais seguros e protexer os dispositivos** cun pin, un padrón ou pegada dixital.

Control de usuarios:

Se os menores teñen o seu propio perfil de usuario limitado, podemos **restrinxir as aplicacións e arquivos** ós que teñen acceso, **aplicar controles parentais** ou impedir que instalen ou descarguen novos programas.

Non esquezas...

É doadoo crear un usuario limitado:

Vai á configuración ou axustes avanzados do dispositivo >> usuarios ou contas e sigue os pasos.

Aplicacións adaptadas á súa idade:

As apps e os xogos teñen clasificacións por idade, como os códigos PEGI, que poden resultar moi útiles. Ademais, existen algunas apps específicas para menores, más limitadas cos seus equivalentes xeneralistas.

Ferramentas de control parental



Un extra para la mediación parental:

Non substitúen a supervisión ou o acompañamento, pero poden ser as nosas aliadas durante os primeiros anos de aprendizaxe. É aconsellable explicarles por que son necesarias, e ir adaptando as súas funcións ó seu desenvolvemento e madurez.

Filtrado de contidos: Limita o acceso a determinados contidos inapropiados para a súa idade.

Límites de tempo: Fixan un horario de uso e bloquean as aplicacóns ou o dispositivo pasado ese tempo.

Rexistros de uso e alertas: Permiten supervisar a actividade do menor no dispositivo, saber que visitou ou con quen contactou, e enviarnos un aviso cando o menor sobrepasa os límites establecidos.



Privacidade, segurança e benestar en Internet

Cada aplicación, xogo ou rede social ten opcións de configuración que debemos determinar xuntos, para sermos todos conscientes de cales son os límites e que implica o uso de cada servizo.

Escoita

...

Conversar e escoitar:

Crea un clima de confianza para que che conte que aconteceu, deixándolle o tempo e o espazo que necesite.



Coida a túa reacción:

Non é momento de culpar ou reaccionar de forma desproporcionada. Mantén a calma e **transmítelle confianza** e seguridade para atopardes unha solución.



Mostra o teu apoio:

É importante que comprenda que estarás ó seu lado de maneira incondicional, e que **xuntos habedes resolver o problema**.

7. E SE TEÑEN UN PROBLEMA EN INTERNET?


Pide Axuda

Valora a gravidade:

Os conflitos na Rede poden resultar moi complexos e producir consecuencias serias. Para resolvelos, **cómpre reaccionar e tomar medidas**.

Consulta un profesional:

Dependendo da natureza do problema, sempre podes acudir ós **centros de seguridade ou canles de axuda** e denuncia das redes sociais, apps e outras plataformas en liña, ou **pedir axuda especializada** no teu centro de saúde, no centro educativo ou nas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.



?

Observa

Contrasta a información:

Procura comprobar o que che contou o menor. Se hai outros menores implicados, pode ser importante contactar cos seus pais ou tutores para aclarar a situación antes de dar outros pasos.

Garda evidencias:

Sempre é útil realizar capturas de pantalla de todo o que poida considerarse unha proba do problema (mensaxes, imaxes ou vídeos que enviaran ó menor, páxinas web nas que aparezan...).



A mediación parental é unha aprendizaxe continua

Aprender os menores a utilizar Internet con **seguridade e responsabilidade** debe ser parte do teu día a día.

Medra con eles, aprende como cambian os seus intereses e mantente actualizado/a para que a mediación sexa efectiva e se va adaptando ó seu desenvolvemento.



Recursos para toda a familia

O que precisas saber sobre os **riscos de Internet**.

Pactos para o bo uso dos dispositivos.

Actividades e xogos para compartir cos menores para o **uso seguro de Internet**.

Guías para afondar no uso seguro de Internet.

Vídeos sobre Internet e os seus riscos na canle de YouTube de IS4K.

8. ONDE ME PODO INFORMAR?

is4k
INTERNET
SEGURA
FOR KIDS
www.is4k.es

Atopa todos estes recursos e moitos más, en Internet Segura for Kids!

017

A TÚA AXUDA EN CIBERSEGURIDADE

Sempre que o necesites, axudarémoste.

Podes contactar connosco por teléfono ou mensaxe a través da web, a túa consulta é gratuita e confidencial.

Ligazóns de interese de IS4K

Guía para uso seguro e responsable de Internet polos menores, Itinerario de mediación parental.

Guía para o uso seguro de xoguetes conectados.

Guía de privacidade e seguridade en Internet.

Pactos para compartir os dispositivos familiares con seguridade.

Xogo Cyberscouts.

Catálogo de ferramentas de control parental.

Catálogo de recursos.




8 /8



A TÚA AXUDA EN
CIBERSEGURIDADE

www.is4k.es



VICEPRESIDENCIA
PRIMERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO
DE ASUNTOS ECONÓMICOS
Y TRANSFORMACIÓN DIGITAL

SECRETARÍA DE ESTADO
DE DIGITALIZACIÓN E
INTELIGÉNCIA ARTIFICIAL

incibe
INSTITUTO NACIONAL DE CIBERSEGURIDAD



is4k INTERNET
SEGURA
FORKIDS



Cofinanciado pola Unión Europea
Mecanismo «Conectar Europa»

